



Plan de convivencia

2024/2025

1.- INTRODUCCIÓN

O plan de convivencia do centro é o documento no que se articula a convivencia escolar, que garante unha educación no exercicio dos dereitos e das liberdades dentro dos principios democráticos de convivencia, así como na prevención de conflitos e a súa resolución pacífica.

A partir da Lei orgánica 2/2006, de educación (LOE), tamén segundo a redacción dada pola Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, tal e como se recolle no seu artigo 121.2, unha das tarefas fundamentais que teñen encomendadas os centros educativos é a de elaborar o seu plan de convivencia, que pasará a formar parte do proxecto educativo do centro. Así mesmo, no preámbulo desta mesma norma dise que "ocupa un lugar relevante, na relación dos principios da educación, a transmisión daqueles valores que favorezan a liberdade persoal, a responsabilidade, a cidadanía democrática, a solidariedade, a tolerancia, a igualdade, o respecto e a xustiza". Ademais, "proponse o exercicio da tolerancia e da liberdade dentro dos principios democráticos de convivencia e a prevención de conflitos e a resolución pacífica destes" como un dos fins do sistema educativo, e para a súa consecución faise extensivo a todos os niveis educativos e a todos os membros da comunidade escolar o obxectivo de traballar "a convivencia e a relación social e exercitarse na resolución pacífica de conflitos".

A normativa actual da Comunidade Autónoma de Galicia referida á convivencia escolar, é dicir, a actual Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, no seu artigo 10, fai mención ao plan de convivencia e normas de convivencia, indicando a súa inclusión no proxecto educativo de cada centro (PEC). Así mesmo, o artigo 11 do Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar, establece que o proxecto educativo de cada centro docente incluírá un plan de convivencia que recolla e desenvolva os fins e principios establecidos no artigo 3 da Lei 4/2011 e os regulados nas leis orgánicas sobre a materia. O devandito plan de convivencia integrará o principio de igualdade entre mulleres e homes e establecerá, sobre a base dun diagnóstico previo, as necesidades, obxectivos, directrices básicas de convivencia e actuacións, incluíndo a mediación na xestión dos conflitos, e conterá actuacións preventivas, reeducadoras e correctoras.

Ademais, será ao longo dos artigos 12 ao 17 deste mesmo decreto onde se recollerán os aspectos referidos aos obxectivos, estrutura, actuacións, medidas e programas favorecedores da convivencia e o proceso de seguimento, avaliación, mellora e difusión do plan de convivencia que cada centro deberá ter en conta na súa elaboración.

A elaboración do plan de convivencia non debe entenderse como unha tarefa estritamente burocrática dos centros, senón que suporá a oportunidade dunha reflexión conxunta sobre un dos principais obxectivos do sistema educativo, como é o de ensinar a convivir e ser persoa, desenvolvendo para isto competencias sociais e cívicas. Debe ser un documento realista, útil, dinámico e adaptado ás peculiaridades e necesidades do centro, de aí que sexa conveniente que na súa elaboración haxa o maior consenso posible e participación da comunidade educativa.

O plan de convivencia será elaborado pola comisión de convivencia creada segundo

establece a normativa ou, cando esta non estivese constituída, polo equipo directivo, e será aprobado polo consello social do centro (artigo 10.1 da Lei 4/2011), estando, polo tanto, representados todos os sectores da comunidade educativa.

O bo funcionamento e unha boa convivencia é responsabilidade compartida por toda a comunidade educativa.

As normas de organización serán establecidas por unha comisión de convivencia no seno do Consello Social.

A organización e constitución do plan facilita a actuación ante as diferentes situacións que poidan prexudicar a convivencia escolar e por outra banda atallar e mellorar o sentir individual de tódolos membros da Comunidade educativa.

Na sociedade actual hai millóns de persoas en risco de exclusión social, e ten unha proporción directa ca falta de inserción laboral. Nós como centro de formación Profesional, temos nas mans a posibilidade de poñer un grao de area baixando na nosa contorna esa equidade estadística.

Estar escolarizado ten que ser sinónimo de dereito a educación plena e con sentido, para atallar as discrepancias destas palabras cabe tomar medidas de formación e xestión emocional para o profesorado que son o nexo entre os obxectivos do centro e o alumnado.

2.- COMO ESTAMOS

-Sensibilización.

Dende o ano 2023/2024 formamos parte da Rede de Centros Integrados de Formación Profesional e desde ese mesmo curso contamos coa figura de coordinador/a de benestar e convivencia.

Desde o curso 2021-2022 o CIFP de Vilamarín pertence á Rede de Acompañamento e Orientación persoal e familiar de Galicia no marco do Plan Recupera (**RAOGAL**), favorecendo deste xeito a intervención con algún alumnado que requira atención máis personalizada dentro e fóra do centro.

No curso 2022/2023 elaborouse o Plan Estratéxico de Mellora do Programa Proa+, financiado polo Mecanismo para a Recuperación e Resilencia, financiado pola Unión Europea NextGeneration EU. Aínda que neste curso 2024/2025 non fomos un dos centros seleccionados para participar no antedito programa, manteranse as actividades panca iniciadas o pasado curso para darlle continuidade ás accións e ás actividades que funcionaron satisfactoriamente.

Cada vez mais a maior parte do claustro do centro comprende e se fai partícipe da necesidade de acoller a todo o alumnado sen facer ningún tipo de exclusión por mor de prexuízos, facendo clases e dinamizando proxectos que favorecen a continuidade do alumnado a seguir formándose en espazos de aprendizaxe que lle son motivadores e interesantes, a participar nas actividades de biblioteca que salientan a formación de contidos transversais en valores e nas soft skills e por suposto a apoiar tódalas iniciativas que favorezan e melloren a nosa capacidade de xestión de equipo dunha maneira equitativa, atractiva e de calidade.

Análise ou diagnóstico da situación do contexto

A nivel convivencia facemos un DAFO baseado nas estadísticas dos datos reflectidos no centro e un análise da avaliación diaria das incidencias producidas no centro ao longo dos últimos 5 anos.

Debilidades	Oportunidades
<p>Non ter un espazo de convivencia</p> <p>Pouco profesorado en proporción ás necesidades especiais do alumnado.</p> <p>Temos moito profesorado non fixo o que implica variación na convivencia ano tras ano.</p>	<p>Moitos contratos programas co fin de mellora da convivencia e habilidades docentes</p> <p>Ofertas formativas para o profesorado sobre intelixencia emocional, xestión de equipos e mellora da comunicación</p> <p>Partidas orzamentarias para a aula de convivencia.</p>

Fortalezas	Ameazas
<p>Profesorado moi involucrado e empático cas necesidades do alumnado</p> <p>Equipo de convivencia dinámico e proactivo.</p> <p>Departamento de orientación con titulación en Psicoloxía.</p> <p>Representante de Raogal no centro</p> <p>Especialidades formativas con poucas prexuízos de xénero</p> <p>O centro está inmerso no CP Inclúe (actual PIE)</p> <p>Formación PFFP de observación nas aulas de FP básica.</p> <p>Equipo directivo en pro da mellora da convivencia e integración do alumnado.</p>	<p>Ter moito máis alumnado con necesidades especiais, o que supón máis necesidades de axuda para o mesmo equipo de convivencia</p> <p>Que veña profesorado pouco empático</p> <p>Que reduzan o cupo de profesorado</p>

Concreción do plan, QUEN , QUE E COMO O FACEMOS

QUEN

O equipo de convivencia está formado pola xefa do Dpto. De Información e Orientación Profesional, a coordinadora de benestar e convivencia, xefatura de estudos, directora, membros do Consello Social e todo o profesorado que teña interese en formar parte deste equipo.

Tratarase de establecer as competencias de cada un dos membros co fin de coñecer as pautas de actuación na confección e no desenvolvemento do plan.

Obxecto, fins e principios do plan QUE

O equipo de convivencia pretende un plan lóxico de actuación, que teña vinculación e coherencia cos diferentes plans traballados.

Marcamos como fin xenérico a mellora da convivencia de toda a comunidade educativa, porque enténdese que se dende o esclavón máis alto do centro se promove o respecto e a empatía é moito máis doado levar estas pautas de comportamento de cara ao alumnado.

O plan será consensuado polo equipo de convivencia e buscarase sinxeleza e claridade de xeito que sexa efectivo e viable.

Aínda que non houberse representación do alumnado no equipo e aínda que non participe nas reunións teranse en conta as suxestións e iniciativas trasladadas polos delegados nas diferentes reunións tidas e convocadas por xefatura de estudos.

Liñas estratéxicas a ter en conta para a confección do plan de convivencia:

- Accións para seguir e "asegurar" as condicións de educabilidade.
- Accións para apoiar ao alumnado con dificultades na aprendizaxe.
- Accións para desenvolver actitudes positivas no centro.
- Accións para mellorar o proceso de reflexión e habilidades transversais aos contidos do currículo (resiliencia, empatía, traballo en equipo, autoestima, etc.)

Os nosos obxectivos, para ter coherencia ca realidade do centro, propón aqueles establecidos nos cursos anteriores e relacionados cas actividades panca establecidas no Plan estratéxico de mellora, no plan de acción tutorial e sempre tendo en conta os obxectivos do desenvolvemento sostible (ODS) que integran a Axenda 2030 en Europa.

Obxectivo 1	Detectar dificultades educativas
Actividade Panca	A101 Avaliación de barreiras (de presenza, participación e aprendizaxe)

Establecer un procedemento xeral que permita detectar barreiras individualizadas. Non só necesidades especiais de aprendizaxe, senón tamén de índole familiar que impidan a educación, o transporte, o lugar de procedencia, o idioma e un sinfín de casuísticas individuais que permitan tomar medidas de cara a eliminar esas barreiras.

Obxectivo 2	Mellorar o éxito educativo e evitar o abandono prematuro do centro educativo
Actividade Panca	A230 Actividades de reforzo para a mellora e éxito educativo para alumnado e familias

Este obxectivo pretende non só o éxito educativo do grupo senón igualar o rendemento do mesmo, facer actividades de apoio e reforzo para o alumnado que ten falta de técnicas de estudo, que necesitan formación máis personalizada, etc.

Facer que o alumnado se sinta realizado e motivado a aprender, que a formación non sexa unha obriga senón que forme parte do proceso de realización e capacitación do alumnado, isto sin dúbida mellora a súa autoestima e con elo favorece a mellora noutros ámbitos que non teñen porque ser educativos.

Obxectivo 3	Desenvolver capacidades de comunicación, resiliencia e interacción social
Actividade Panca	A204 Titoría entre iguais.



Acompañar e realizar un seguimento personalizado para a formación do alumnado mais vulnerable.

Esta actividade está dirixida a todo o alumnado. Para iso, tense en conta tanto as posibles barreiras do contexto e as dificultades de aprendizaxe como as capacidades e fortalezas do alumnado, co fin de planificar secuencias didácticas acordes a ditas características de forma que se poidan superar as barreiras de calquera tipo: de participación, de comunicación, físicas, sensoriais, estruturais, cognitivas e curriculares.

A actividade Panca 204 TEI desenvolve tanto as habilidades sociais como as emocionais de todo o alumnado, especialmente o vulnerable. En concreto:

Habilidades persoais (iniciativa, resiliencia, responsabilidade, creatividade, autorregulación, adaptabilidade e xestión do tempo).

Habilidades sociais (traballo en equipo, empatía, compaixón, sensibilidade cultural, habilidades de comunicación, habilidades sociais e liderado).

Habilidades de aprendizaxe (organización, resolución de problemas, técnicas de estudo e pensamento crítico).

Obxectivo 4	Instaurar prácticas restaurativas como método de detección de barreiras e mellora de convivencia no centro
Actividade Panca	A30Tempo de círculo:

As prácticas restaurativas (e de convivencia): Observouse a necesidade de actividades restaurativas dentro do plan de convivencia e que se tentarán aplicar o vindeiro curso; crear un espazo inclusivo e emocionalmente positivo-activo.

A participación nos círculos son:

O compromiso de respectarse mutuamente.

O compromiso de respectar as diferencias e celebrar as experiencias compartidas.

O recoñecemento de que todo o mundo ten dereito a sentir o que sinte.

A aceptación do dereito dos demais a ter un punto de vista diferente, incluso cando non están de acordo.

A actitude de estar abertos a traballar con todas as persoas participantes do círculo, fomentar a tolerancia , a diversidade e romper barreiras.

A aceptación da responsabilidade compartida para o bo funcionamento do círculo, a importancia de incluír a todas as persoas e a sensibilidade ante a posibilidade de que alguén se sinta excluído.

A comprensión de que a persoa que non respecta as normas do tempo do círculo non é porque sexa "mala" ou "disruptiva" senón porque nos mostra unha necesidade non satisfeita e que necesita algunha cosa diferente.

A crenza de que o contido e o proceso que se sigue no círculo deben ser congruentes, de maneira que o que as persoas din é un reflexo da maneira de facer.

Coa aplicación dos círculos adquiriranse numerosas aprendizaxes e mellorarase o clima de confianza e convivencia que se respira no centro e, como consecuencia, o éxito do alumnado no entorno escolar.

Obxectivo 5	xestionar o cambio
Actividade Panca	A501 Xestión do cambio

Iniciar a transformación educativa do centro mediante una reflexión conxunta e consensuada de todos os axentes vinculados no centro educativo.

Este é un obxectivo no que a dirección do centro é crucial no apoio as iniciativas de xestión do cambio con indicadores e resultados a longo prazo.

Actuacións, medidas ou programas para cada obxectivo

COMO

Obxectivo 1	Detectar dificultades educativas
-------------	----------------------------------

A101 Avaliación de barreiras (de presenza, participación e aprendizaxe)

Este é o primeiro chanzo para desenvolver as actividades que ofrecen propostas para todas as necesidades que podemos atopar entre o alumnado do centro, o primeiro que temos que observar son as barreiras educativas, por eso propoñemos varias actividades que permitan detectar necesidades personalizadas en tódolos ámbitos.

As actividades que desenvolvemos e propoñemos son:

Asignar as titorías dos grupos con actividades que permitan unha convivencia distendida e que permitan apreciar dun xeito menos educativo outras barreiras que non son fáciles de detectar nunha clase.

No noso caso xurdiu dunha actividade que puxemos en acción o pasado curso e que favoreceu esta detección.

As actividades poden ser diversas, no 2023/24 estableceuse unha actividade de convivencia e benestar, os almozos saudables a primeira hora da mañá.

Neste almozos detectamos:

- Actitudes alimenticias
- Gustos a hora de participar en actividades de ocio propostas (xadrez, música, deporte, etc.
- Como socializan con outros grupos.

Por outra banda aínda que non se lle imparta docencia directa, esta actividade permite coñecer a fondo outros membros da comunidade educativa cos que poden ter mais conexión e ao revés permite que mais membros da comunidade educativa coñezan aos grupos de FPB e axuden a detectar barreiras.

Pódense facer titoría en grupo, individuais e en gran grupo mesturado con outras especialidades ou niveles educativos. Terase en conta para vindeiros anos na estruturación do horario dos ciclos de FPB

A nivel educativo o profesorado ten que estar pendente destas necesidades educativas e formular reforzos á xefatura de estudos e ao Dpto. de DIOP co fin de asignarlle profesorado de reforzo Proa, no caso de que se teña, ou mesmamente realizar actividades que axuden a mellorar a súa práctica educativa.

Falar coas familias axuda a detectar outras inxedanzas que poden non verse reflectidas na contorna educativa, a labor desta actividade corresponde ao titor/a , orientador/a e xefatura de estudos e atendendo ás barreiras detectadas pódese pedir a colaboración doutros membros da comisión de convivencia (coordinador de benestar, Uaco)

Deseñar enquisas que axuden a detectar ou confirmar barreiras.

Facer observacións do alumnado e da práctica docente por parte do coordinador de benestar e o departamento de información e orientación.

Obxectivo 2	Mellorar o éxito educativo e evitar o abandono temperá do centro educativo
-------------	--

230 Actividades de reforzo para a mellora e éxito educativo para alumnado e familias. Dentro da proposta de actividades enténdese que a familia é fundamental para alcanzar os obxectivos de aprendizaxe por iso parte das actividades van enfocadas as familias.

Facer conferencias e pequenos cursos que axuden ás familias a entender a realidade do mundo que rodea aos seus fillos.

- Influencia das redes sociais.
- Desenvolvemento cognitivo dos adolescentes e como afrontalos.

Por outra banda actividades que melloren as competencias do profesorado para que adapten as súas clases a un perfil de alumnado que está en continuo cambio.

Facer formacións de novas ferramentas audiovisuais.

Charlas e formacións sobre metodoloxías motivadoras e xestión de equipos.

Promover o traballo a través de proxectos (eventos, plans proxecta, etc) exemplos:

Xeometría en cálculos reais de invernaoiros.

Visitas a monumentos para entender mellor a historia.

Limpeza de ríos para traballar competencias en ecosistemas.

Facer simulación reais e supostos prácticos

Debates para que o alumnado constrúa o seu coñecemento.

En conclusión facer que o alumnado vexa útil aprender e aplicalos; eso mellora o seu interese, se o logra mellora a súa autoestima e iso rompe barreiras.

Actividades de centro que favorezan o desenvolvemento das actividades anteriores

Mellorar horarios para que teñan cabida os reforzos educativos.

Promover as saídas didácticas.

Coordinar e axudar a coordinar proxectos da Xunta para mellorar as competencias educativas e de convivencia (PIE, Contratos Programa, etc).

Obxectivo 3	Desenvolver capacidades de comunicación , resiliencia e interacción social
-------------	--

A204 Titoría entre iguais.

Para desenvolver actividades personalizadas que axuden a mellorar as barreiras detectadas de todo tipo vemos a necesidade de que moitos mais membros da comunidade educativa o de fora dela participen na mellora da comunicación, da autorregulación, da autoorganización académica, etc. Para iso propoñemos e levamos a cabo as seguintes propostas de actividades:

Traer relatores que traballen diversos temas e de diferentes ámbitos que aporten solucións dende unha perspectiva diferente, dentro dos temas que se contemplan porque hai moito alumnado con esas necesidades afondamos en:

Sexualidade (a través do Plan Proxecta ou sexólogos).

Drogadicción (experiencia de ex narcótico adictos, docentes expertos no tema).

Regulación emocional (pedagogos, psicólogos).

Facer partícipe ao alumnado de cursos superiores (mentores) poñéndolle a cargo alumnado de FPB que acaba de chegar ao centro, para que os titorice e lles axude ca súa experiencia a levar



mellor a integración no centro e aconsellarlle en canto ao seu funcionamento. Tamén se pode propoñer este mentor para reforzo educativo de outros rapaces Está moi comprobado que na adolescencia a formación entre iguais é mais produtiva e supón mais interese.

Obxectivo 4	Instaurar prácticas restaurativas como método de detección de barreiras e mellora de convivencia no centro
-------------	--

A30 Tempo de círculo: prácticas restaurativas (e de convivencia): Observouse a necesidade de actividades restaurativas dentro do plan de convivencia e que se tentarán aplicar o vindeiro curso; crear un espazo inclusivo e emocionalmente positivo-activo.

Está comprobado que o alumnado cada vez ten menos capacidade de comunicación, tamén cabe destacar que cando non hai comunicación, os conflitos nos equipos de traballo non xurden, pero iso no significa que non os haxa. As prácticas de comunicación son eficientes a corto ou largo prazo pero son necesarias; que o alumno non participe nelas de maneira activa non implica que non as escoite e que non lle axuden na súa propia reflexión, de aí que dentro das actividades propostas para este obxectivo prantéxase:

Instaurar practicas de comunicación nas clases , non só nas titorías, senón en calquera clase que necesite mellorar as soft skills e o traballo en equipo, estas teñen un obxectivo de grupo nun módulo concreto , aínda que os beneficios extrapólanse a outros módulos.

Facer círculos restaurativos dende o equipo de convivencia pero máis con obxectivo de centro:

Consensuar normas de centro.

Debater temas que afecten ao centro (convivencia con outros grupos, drogas, integración no centro, expectativas no centro, etc.).

Os círculos restaurativos non teñen que tratar temas concretos e se non hai conflitos, débátese calquera tema de interese, porque ás veces o único que se pretende e mellorar a confianza, que se sintan escoitados e mellorar a comunicación, as palabras e a empatía do alumnado.



Obxectivo 5

xestionar o cambio

A501 Xestión do cambio

A xestión do cambio é a base para implementar outras actividades que favorezan a convivencia e o entorno de aprendizaxe. É moi importante que toda a comunidade educativa estea aberta a novas propostas igualmente este cambio é lento e aínda que se implante, a súa interiorización require anos de esforzo e a implementación de diferentes estratexias que teñan maior ou peor resultado atendendo ás particularidades de cada centro.

Dentro das actividades previstas para desenvolver este obxectivo está:

Facer reunións do equipo directivo para traballar e consensuar temas de convivencia.

Formar parte como centro de todas as actividades ou programas ofertados pola xunta que favorezan o cambio na comunidade educativa.

Rexistrar todas as estratexias para poder valorar o seu funcionamento.

Incluír estas actividades no plan de acción titorial e transmitirle ao resto do profesorado os obxectivos.

Buscar recursos que faciliten o seguimento das estratexias e o rexistro de informes.

Facer as enquisas de xestión de convivencia Xunta. Entre o 2 e o 31 de maio de 2025

Facilitar recursos de formación en soft skills ao profesorado.

Hai realidades que poden quedar agochadas para nós e das que necesitamos coñecemento, entre elas personalidades introvertidas , acoso silencioso, situacións pasivas que ven o que pasa pero que teñen medo a contalo ou que se lles vexa facelo, para estas circunstancias o centro poñerá medidas dende un correo específico de benestar para formular dúbidas e inquiredanzas do alumnado así como poñer un punto de recollida de información (**Punto Laranxa**) que ademais de recoller posibles casos de acoso, poida recoller outras necesidades que dificulten o proceso educativo.

2.3.4.- Mecanismos de coordinación e colaboración no desenvolvemento do plan

O plan desenvólvese a través da comisión de convivencia, equipo ACAE e sempre baixo a colaboración e aceptación do equipo directivo do centro.

Procurarase sempre dentro da posibilidade, que estea formado por persoal definitivo do



centro e con representantes dos diferentes ámbitos educativos. No noso centro vese necesario incorporar un representante da residencia escolar.

Asignaranse funcións dentro do equipo, atendendo ás súas propias competencias.

Alumnado: Facer participe a representantes do alumnado como informadores de conflitos e mediadores asemade de informar das necesidades de convivencia detectadas entre o alumnado.

Equipo ACAE (formado pola Xefa do Dpto. de DIOP, a coordinadora de benestar e convivencia e outro/a docente) son as persoas encargadas de recibir toda a información que pode levar un posible problema de convivencia sempre que non estea na man do titor facer fronte ao conflito.

Función dos membros:

- **Xefatura de estudos** correspóndelle as seguintes funcións en materia de convivencia:

- a) Coordinar e dirixir algunhas das actuacións establecidas no plan de convivencia do centro e as normas de convivencia do centro.
- b) Velar por el desenvolvemento coordinado e coherente das actuacións establecidas no plan de convivencia e nas actuacións relativas á mellora da convivencia reflectidas nos respectivos plans de acción titorial e de atención á diversidade do centro.
- c) Promover o exercicio da mediación que se leve a cabo no centro.
- d) Organizar a atención educativa do alumnado a quen se lle suspendese o dereito de asistencia á clase, no marco do disposto nas normas de organización e funcionamento do centro.

Os órganos de coordinación docente, no seu ámbito competencial, serán responsables de incorporar nas actuacións as medidas e acordos adoptados, de conformidade co que establece o plan de convivencia

En todo caso, as medidas e os acordos do apartado anterior serán recollidos pola comisión de coordinación pedagóxica e por o resto dos órganos de coordinación docente para incluílos nos documentos institucionais do centro.

- **Xefatura de Dpto. de DIOP:**



Este curso 2024/2025 colaborará coa dirección do centro na elaboración, cumprimento e seguimento do plan de convivencia.

- a) Abrirá e fará seguimento de todos os procedementos vinculados con temas de convivencia (cambios de xénero, acoso, alumnado con necesidades especiais, etc).
- b) Coordinar, de acordo cos protocolos establecidos, nos casos que requiran intervención por parte dos servizos sociais competentes.
- c) Participar nas actividades de mediación.
- d) Facer actividades de reforzo educativo e mellora da capacitación social e persoal do alumnado.
- e) Fará informe de todas as conversacións vinculadas coa convivencia.
- f) Comunicará ao equipo de convivencia toda a información dos casos individuais que requiran a intervención de mais membros.
- g) Traballar con xefatura de estudos para fomentar a detección de barreiras no centro a través do PAT.
- h) Reunirse cos titores.

Coordinadora de benestar e convivencia:

- a) Coordinar o plan de convivencia e colaborar na súa dinamización.
- b) Fomentar o uso de métodos alternativos de resolución pacífica de los conflitos entre o persoal do centro e o alumnado.
- c) Identificarse ante o alumnado, ante o persoal do centro educativo e en xeral, ante a comunidade educativa, como referente en posibles casos de violencia no propio centro o en su entorno.
- d) Promover plans de formación en materia de prevención, detección precoz e protección na adolescencia, dirixidos tanto ao persoal que traballa nos centros educativos como ao alumnado e a súa familia ou responsables legais.
- e) Promover no centro docente unha alimentación saudable que permita ao alumnado que o necesita ter una alimentación equilibrada.



f) Fomentar o respecto polo alumnado con discapacidade o calquera outra circunstancia de especial vulnerabilidade.

g) Promover a participación das familias informándoas e asesorándoas.

- Resto de membros do equipo de convivencia:

a) Colaborar nas actividades vinculadas co plan de convivencia.

b) Observar aos membros da comunidade educativa en busca de barreiras educativas tanto conceptuais como emocionais.

c) Participar na confección do plan de convivencia.

d) Analizar o seguimento do plan de convivencia e control de indicadores.

- Representante de residencia:

a) Aportar información do alumnado en diferentes contornos.

b) Comunicar conflitos que xurden na convivencia da residencia.

c) Detectar barreiras no alumnado residente e aportar pautas de actuación.

d) Colaborar no plan de convivencia do centro educativo.

RECURSOS para a elaboración e para levar a cabo o plan de convivencia.

Documentos do centro: PEC, PAT, PAD, NOF, plan de convivencia, protocolos (de acoso escolar, de mediación...), normas de convivencia.

Programas específicos de traballo (habilidades sociais, técnicas de estudo...).

Materiais elaborados polo propio centro para traballar a convivencia.

Catálogo de contactos e relatorios que foron efectivas para darlle continuidade e estruturalas durante o curso lectivo.

Seguimento, avaliación e propostas de mellora do plan

Establécense varios indicadores para analizar e ver o éxito das diferentes actividades.

A avaliación das diferentes actividades de formación require dunha enquisa de satisfacción do alumnado e do profesorado tendo en conta a quen foi dirixida a charla ou a formación.

Tendo en conta os resultados daráselle continuidade ao mesmo relator ou a outro.

Na análise de barreiras hai que contabilizar e reflectir nun rexistro todas as que se detectaron e as accións que se levaron a acabo.

Na instauración de prácticas restaurativas, facer un seguimento nas reunións de titores e nas reunións do equipo de convivencia.

2.3.6.- Difusión do plan

O presente Plan de convivencia será difundido a toda a comunidade educativa a través dos seguintes procedementos:

Reunións presenciais.

Web do centro

Redes Sociais

Ademais, estableceranse os seguintes procedementos específicos:

Difusión entre o profesorado:

Presentación en reunións de claustro

Reunión de titores

Correo electrónico

Difusión entre o alumnado:

Titorías.

Equipos de Alumnado Axudante.

Asambleas de Delegadas/os de Aula.

Difusión en familias.

Reunión de familias



Acto de presentación aberto a todas as familias.

Consello social

Circulares

Xornadas de Portas Abertas

Abalar

3.- Procedementos específicos

3.1.- Acoso e ciberacoso escolar:

https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/protocolo_educativo_para_a_prevenccion_deteccion_e_tratamiento_do_acoso_e_ciberacoso_escolar.pdf

» Acoso escolar:

Calquera forma de vexación ou malos tratos continuados no tempo recibida por un alumno ou unha alumna por parte dun, dunha ou de máis iguais, de carácter verbal, físico ou psicológico, incluído o illamento ou baleiro social, con independencia do lugar onde se produza. Terán a mesma consideración as condutas realizadas a través de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan causa nunha relación que xurda no ámbito escolar.

» Ciberacoso escolar:

Modalidade de acoso producido a través das TRIC, como poden ser a mensaxaría instantánea, as redes sociais ou internet en xeral. Pode incluír a difusión de rumores a través da rede, a publicación de información falsa, a suplantación da identidade, o acoso sexual ou o envío de mensaxes ameazantes, humillantes ou insultantes a través de internet, entre outros comportamentos.

Moitas das accións vinculadas ao ciberacoso, sempre que sexan cometidas coa intención de acosar directamente a vítima ou de incentivar o acoso por parte doutras persoas, poden ser consideradas delitos. Algúns exemplos son os seguintes:

» Publicación de imaxes comprometidas ou de datos delicados.

» Creación de perfís falsos.

» Alta da vítima en servizos en liña.



- » Obtención das claves persoais suplantando a identidade da vítima.
- » Roubo de sesións abertas en equipamentos compartidos.
- » Creación ou publicación de información ou imaxes de carácter vexatorio a través da intelixencia artificial.

O equipo ACAE (Actuación Contra o Acoso Escolar): equipo encargado da levar adiante as medidas establecidas no presente protocolo no referente á detección e á intervención ante posibles casos de acoso e ciberacoso escolar.

3.2.- Protocolo de identidade de xénero

Co obxectivo de garantir a igualdade de trato e combater a discriminación por razóns de diversidade afectivo-sexual e identidade sexual, publícase a Lei 2/2014, que inclúe a mención expresa á eliminación de calquera indicio de discriminación que poidamos apreciar no sistema educativo, entre outras, por razóns de identidade de xénero.

Comunicación escrita ao centro educativo unha identidade de xénero diferente daquela que lle foi asignada no nacemento e, polo tanto, na documentación civil, tomaranse as medidas necesarias para garantirlle os dereitos que lle asisten, así como un axeitado proceso de acompañamento e apoio no ámbito educativo

O equipo directivo trasladará inmediatamente esta información á xefatura do departamento de orientación para que se analice o caso e se activen os recursos que puidesen ser necesarios en materia de orientación e apoio.

Non se realizarán no centro actuacións diferenciadas por sexo, e se por algunha causa concreta e plenamente xustificada esta diferenciación fose necesaria, terase sempre en conta a identidade de xénero manifestada.

A comunidade educativa dirixirase ao alumnado polo nome que se acorde na coordinación establecida entre a dirección, a titoría, o departamento de orientación e o/a alumno/a.

Facilitaráselle ao/á alumno/a o acceso aos vestiarios e aseos correspondentes ao xénero co que se sente identificado.



Difusión da realidade sobre a identidade de xénero entre a comunidade educativa.

3.3.- Violencia de xénero dentro do entorno educativo

INDICADORES FÍSICOS

Mazaduras, marcas ou sinais no corpo.

Manifestacións psicosomáticas (mostras de esgotamento, mareos, estrés, ansiedade, etc.).

Cambio de imaxe e/ou forma de vestir.

Trastornos do sono (insomnio, pesadelos).

INDICADORES PSICOLÓXICOS E SOCIOEDUCATIVOS

Cambios de actitude ante o profesorado e o resto de compañeiras e compañeiros (móstrase irascible, nerviosa, con cambios de humor repentinos, triste, etc.).

Diminución do rendemento escolar.

Diminución da atención.

Dificultades para concentrarse.

Illamento e menor relación co resto de compañeiras e compañeiros tanto na aula coma noutros espazos e actividades (recreo, excursións, actividades extraescolares, etc.).

Incremento repentino de faltas por motivos médicos.

- Descenso da autoestima.

3.4.- Procedemento corrector de condutas contrarias ás normas de convivencia

Conduta leve recollidas no artigo 42 do Decreto 8/2015:

As condutas tipificadas como agresión, inxuria ou ofensa na alínea a), os actos de discriminación da alínea b), os actos de indisciplina da alínea c), os danos da alínea g), os actos inxustificadas



da alínea h) e as actuacións prexudiciais descritas i) do artigo 15 da Lei 4/2011 que non alcancen a gravidade requirida no devandito precepto.

Portar calquera obxecto, substancia ou produto expresamente prohibido polas normas do centro que sexa perigoso para a saúde ou integridade persoal do alumnado

A falta de asistencia inustificada á clase e as faltas reiteradas de puntualidade, nos termos establecidos polas normas de convivencia de cada centro.

A reiterada asistencia ao centro sen o material e equipamento precisos para participar activamente no desenvolvemento das clases.

As demais condutas que se tipifiquen como tales nas normas de convivencia de cada centro docente.

Medidas correctoras artigo 43 do decreto:

Amoestación privada ou por escrito.

Comparecencia inmediata ante a persoa que ocupe a xefatura de estudos ou persoa que exerza funcións equivalentes nos centros concertados.

Realización de traballos específicos en horario lectivo.

Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do centro.

Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de ata dúas semanas.

Cambio de grupo por un período de ata unha semana.

Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases ou ao centro por un período de ata tres días lectivos. haberá de realizar os deberes ou os traballos para evitar a interrupción no proceso formativo.

Hai que facer resolución por escrito ou consignar algunha destas medidas

As medidas establecidas no artigo 43 do decreto requiren resolución expresa por escrito, que deberá ser comunicada á familia e á comisión de convivencia do centro. Logo desta notificación o afectado ou os seus representantes legais poderán solicitar por escrito, no prazo máximo de 2 días, revisión destas medidas.



Reiteración de condutas leves contrarias á convivencia

A reiteración ten que producirse dentro do mesmo curso escolar. Aquelas condutas leves contrarias á convivencia que non consten previamente por escrito non poderán ser estimadas para estes efectos.

Condutas graves establecidas no artigo 38 do decreto

As agresións físicas ou psíquicas, as injurias e as ofensas graves, as ameazas e as accións contra os demais membros da comunidade educativa.

Os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación e identidade sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e de servizos que constitúan unha indisciplina grave.

A gravación, manipulación ou difusión por calquera medio de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito á honra, a dignidade da persoa, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa.

As actuacións que constitúan acoso escolar

A suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación, alteración ou subtracción de documentos académicos.

Os danos graves causados de forma intencionada ou por negligencia grave ás instalacións e aos materiais dos centros docentes,

Os actos inxustificadas que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.

As actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro ou a incitación a elas.

Portar calquera obxecto, substancia ou produto gravemente perigoso para a saúde ou integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa.



A reiteración, nun mesmo curso escolar, de condutas leves contrarias á convivencia.

O incumprimento das sancións impostas.

Medidas correctoras proceden en caso de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia

De acordo co artigo 39 do decreto, poderán aplicarse as seguintes medidas:

Realización, dentro ou fóra do horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.

Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período entre dúas semanas e un mes.

Cambio de grupo.

Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período entre catro días lectivos e dúas semanas. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de entre catro días lectivos e un mes. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

Cambio de centro.

Actuacións a realizar para a comunicación de incidencias susceptibles de ser consideradas condutas gravemente prexudiciais

O centro poderá acordar a apertura dun período de información previa, co fin de coñecer con máis exactitude as circunstancias concretas en que se produciu a conduta no prazo de tres días lectivos

De ser necesario incoación de expediente farase informe que recolla Identificación da persoa ou persoas presuntamente responsable/s.



Os feitos sucintamente expostos que motivan a incoación do procedemento, a súa posible cualificación e as sancións que puidesen corresponder, sen prexuízo do que resulta da instrución.

Designación da persoa instrutora, con expresa indicación do réxime de recusación.

Acordarse medidas provisionais (cambio temporal de grupo, suspensión do dereito de asistencia ao centro ou a determinadas clases/actividades

Máximo 3 días. Comunicación por escrito ao/á alumno/a ou familia

Proceso conciliado (Nomeamento dun mediador), levantar actas de reunión e os acordos, de non chegar a acordo inicio de procedemento

Proceso non conciliado

2 días para averiguacións (entrevistas, testemuñas)

Acta das entrevistas e informes

5 días para aplicar medidas corretoras na instrución e citación para audiencia Levantar acta e trasladar resolución á dirección.

Conformidade da dirección e traslado de resolución á inspección educativa.

3.5.- Uso dos teléfonos móbiles e dispositivos electrónicos nos centros educativos

Segundo a Orde de 4 de xaneiro de 2024 da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades queda prohibido o uso de teléfonos móbiles e outros dispositivos electrónicos como mecanismo de comunicación establecida durante os períodos lectivos e non lectivos (recreos, almozos, comidas e actividades extraescolares).

Exceptuarase desta restrición o emprego proporcionado e razoable dos dispositivos por cuestións de oportunidade ou necesidade, médicas ou de outra índole, sempre e cando o motivo estea xustificado da maneira que se considere en cada caso atendidas as circunstancias, e así

sexa autorizado pola dirección do centro, ou, de non ser isto posible, polo profesorado que ten potestade para determinar e autorizar o seu uso con fins pedagóxicos.

Contextualizando e adaptando a normativa vixente á realidade do centro educativo; as súas peculiaridades e facilitar o proceso de cambio, establécese que nos recreos está permitidos facer e recibir chamadas telefónicas e consultar a hora sempre que o seu uso estea limitado a estas accións.

O seu uso sen autorización e sen ter en conta as contextualizacións permitidas suporá unha medida disciplinaria.

É de obrigado cumprimento dende a comunidade educativa ser parte activa do cambio para propiciar unhas relacións positivas e de comunicación entre o alumnado.